

*Manuel Puente*

Buenos Aires Abril 13 de 1961

Señor Dn.

Luis TOBIO

MONTEVIDEO (R.O)

Meu estimado Don Luis:

Aprobeito o viaxe a esa do hirmán Abraira para contestar a súa de data 6 do Cte.-

Non recibín a visita de Barreiro, nin pola miña parte penso resolver nada, xa que dei xei nas suas mans contratar con quen a vostede lle parezca mellor, sin ter somentes en conta algúns pesos menos, sinón calidade de traballo e menos preocupaci-óns; dos tres presopostos traidos por Prada paréceme que o mais conveniente é o de Colombino, pero Ud resolve e dígame o que acorde como pago adelantado para mandarlle un cheque de ese Banco de Galicia.-

Don Ramón escribíume fai uns dias por primeira vez desde a miña carta que Ud coñece, infórmame que está en correspondencia con Ud e nada mais; agora eu creo que convendría lle escribira Ud sobre o que falamos-esto é-que Ud lle pida canto se lle debe a cada un dos que xa fixeron traballos incluso el, e que lle dea o presuposto dos outros traballos que faltan, para situar eu en Galicia os fondos necesarios para o cual conviria irlle escribindo a Fernandez del Riego según a súa idea, de que fora el o Administrador, aceptado por mín con moito gusto.-

Convén tamén non esquecer de repetirlle os da terra que cada un dos colaboradores debe renunciar os dereitos de autores ecétera.-

Alégrome moito que Ud se deira conta da falta do capidoo da música popular galega e estou de completo acordo co seu pedido a Don Ramon.

En espera da suas noticias saudo moi afectuosamente,

S

S

S

Ant. 18-N

